

## Bases para a presentación de curtametraxes 2010

lunes, 18 de enero de 2010

Contido sen traducir / Contenido no traducido / No translation available Bases para a presentación de curtametraxes ao VII Festival de Cans. A Asociación Cultural Arela abre o prazo de admisión de curtametraxes para a súa selección para participar na VII edición do Festival de Cans. As bases son as seguintes: 1. As curtametraxes que se presenten deben ser curtametraxes galegas dos anos 2008, 2009 ou 2010. A efectos de participación neste festival, por curtametraxes galegas enténdense pezas producidas por produtoras de Galicia, feitas en Galicia ou cuxa directora/a sexa galega.

2. Establécense dúas categorías a concurso:

- a) curtametraxes de animación;
- b) curtametraxes de ficción. O certame admite ademais todo tipo de curtametraxes que poden ser incluídas noutras seccións fóra de concurso.

3. A duración de cada curtametraxe non superará os 30 minutos.

4. Establécense os seguintes premios, coa dotación económica que se indica:

- a) premio do xurado á mellor curtametraxe de ficción: 1.500 € e Can de Pedra;
- b) premio do xurado á mellor curtametraxe de animación: 1.500 € e Can de Pedra;
- c) premio do público á mellor curtametraxe de ficción: 1.000 € e Can de Pedra;
- d) premio do público á mellor curtametraxe de animación: 1.000 € e Can de Pedra;
- e) premio do xurado á mellor actriz: Can de Pedra;
- f) premio do xurado ao mellor actor: Can de Pedra.

5. As curtametraxes deben enviarse antes do 15 de marzo de 2010 ao seguinte enderezo: Asociación Cultural Arela Apto. de Correos 232 C.P. 36400 O Porriño (Pontevedra)

6. As curtametraxes enviaranse en formato DVD e acompañaranse dunha ficha técnica da curtametraxe e dúas imaxes dixitais en formato JPG:

- a) un fotograma;
- b) un cartel.

7. Indicarase por escrito o nome da persoa ou entidade que recibirá o premio económico en caso de resultar gañadora nunha das categorías á que se presente.

8. As curtametraxes seleccionadas serán exhibidas dentro da programación do VII Festival de Cans, que se desenvolverá do 19 ao 22 de maio de 2010. Asociación Cultural Arela  
18 de xaneiro de 2010